



MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONOMICA DA S.A. DE XESTION DO PLAN XACOBEO RELATIVA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN GALEGA DE AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO.

PRIMEIRO.-

1.- Constitúe o obxecto da Sociedade, entre outras as seguintes actividades

- As relacións coas asociacións de amigos do Camiño de Santiago.
- A coordinación de actuacións específicas relacionadas coa cultura xacobeá, en especial, as exposicións, así como a execución das encomendas de xestión que se poidan realizar nestas materias.

A S. A. de Xestión do Plan Xacobeo considera esencial e imprescindible o labor das Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en orde a potenciar os itinerarios xacobeos, a información aos peregrinos, os programas de voluntariado como hospitaleiros nos albergues, a promoción da cultura xacobeá e todo aquilo que redunde en beneficio do Camiño de Santiago e dos peregrinos.

O Camiño de Santiago reúne unha rica experiencia histórica e a vivencia intercultural contemporánea nun excepcional escenario natural, patrimonial e humano. Ao longo dos séculos o Camiño de Santiago consolidou unha amplísima rede de itinerarios que abrangue toda Europa e España e que ten como meta a Catedral de Santiago de Compostela, en definitiva Galicia.

Que a Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago ten entre os seus fins:

- *Fomento, promoción e defensa da peregrinación xacobeá tradicional, en todas as súas dimensións, especialmente nos seus compoñentes espirituais e humanísticas.*
- *A axuda e protección ao peregrino xacobeo.*
- *A defensa do patrimonio cultural xacobeo, en todos os seus ámbitos, e o dos Camiños de peregrinación a Santiago.*

Entre as diversas actividades que promove están a atención a instalacións e institucións dedicadas especialmente á axuda aos peregrinos, mediante a colaboración na creación de albergues e refuxios; formación de hospitaleiros para atención aos albergues de peregrinos; estudos e investigacións e publicacións histórico-culturais sobre o Camiño de Santiago; a promoción e desenvolvemento de calquera tipo de actividade cultural relacionada co Camiño e a peregrinación xacobeá e moi particularmente conferencias, congresos, seminarios, etc; a convocatoria de premios relacionados co Camiño de Santiago e a peregrinación xacobeá; a recuperación física e documental dos camiños de Santiago e o patrimonio vinculado aos mesmos especialmente na Comunidade Autónoma de Galicia, a sinalización dos itinerarios xacobeos así como o mantemento dos mesmos; información e apoio aos peregrinos, etc.



Ao abeiro deste convenio a Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago traballa en dúas liñas de acción para este ano 2016:

a/ Obras de mellora nos albergues de peregrinos de San Roque en Corcubión e o albergue de San Antonio de Herbón - Padrón que xestiona esta Asociación, ambos albergues atendidos por hospitaleiros voluntarios que exercen a hospitalidade tradicional de donativo.

O albergue de Corcubión en funcionamento dende o ano 2004 precisa obras de mantemento e reforma e, especialmente, a adaptación das súas instalacións para o acceso de persoas con mobilidade reducida.

No caso do albergue de Padrón as obras necesarios abranguen ao mantemento das instalacións, especialmente os baños así como a súa adaptación ás necesidades de persoas como mobilidade reducida,

As obras no albergue de San Roque en Corcubión acadan un investimento de 9.369, 35 €, namentres que as do albergue de San Antón en Padrón suponen 11.825,33 €. A cifra total alcanza os 21.194, 68 €

b/ A seguridade vial é unha das maiores preocupación de todas as entidades relacionadas co Camiño de Santiago pois nas diversas rutas xacobeas existen numerosos tramos onde a ruta discorre por estradas con circulación de vehículos. Neste sentido resulta moi necesario abordar campañas de sensibilización para promover a seguridade viaria entre os peregrinos. Unha campaña centrada nos albergues existentes en Galicia realizada en colaboración coa Asociación Stop Accidentes que posúe una ampla experiencia nesta materia cos seguintes obxectivos

- promover actitudes e condutas viales que propicien a seguridade dos peóns
- valorar a importancia das normas, consellos de seguridade vial e sinais de tráfico presentes ao longo dos Camiños
- sensibilizar aos peregrinos sobre as prendas axeitadas para a súa visibilidade nas rutas
- promover hábitos co significado de visibilidade = seguridade

Esta campaña se levaría adiante coa edición e distribución de 25.000 dípticos multilingües (en seis idiomas: galego, español, inglés, francés, alemán e italiano) e a súa distribución así como a realización dunha enquisa sobre a seguridade viaria no Camiño aos propios peregrinos.

A colaboración iniciada no ano 1992 pola S.A. de Xestión do Plan Xacobeo para a difusión das rutas xacobeas coas Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago, instaladas tanto dentro coma fóra do territorio galego converteuse, co paso dos anos, nunha ferramenta imprescindible para fomentar a chegada de peregrinos que, á súa vez, impulsan o desenvolvemento económico e social de Galicia. Estas entidades son as principais prescriptoras e informadoras dos futuros peregrinos, distribuíndo cada ano milleiros de credenciais, folletos informativos, etc., que teñen en todos os casos a Galicia como meta.

Por todo o descrito, as referidas actuacións que se desenvolverán dentro do ámbito de vixencia deste Convenio, encaixan no marco das relacións coas Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago que ten encomendadas esta Sociedade Anónima, non sendo posible promover a concorrência pública, dada a especificidade do programa e a natureza da Asociación única no seu ámbito territorial.

Ademais este convenio cumpre cos criterios obxectivos de selección sinalados no Plan Estratéxico, en concreto:

a/ criterios xerais

- É un proxecto tecnicamente completo, pois a documentación que se achega xustifica suficientemente a súa formulación.
- O proxecto é viable, tanto en termos de execución económica como social.
- Realízase a difusión e promoción do Camiño de Santiago
- Se contempla a difusión dos resultados acadados ante a opinión pública, contribuíndo deste xeito ao labor de sensibilización ao redor do Camiño de Santiago.
- A Asociación conta cunha ampla experiencia que garante a súa capacidade técnica, organizativa e de xestión para levar a cabo o proxecto a realizar.
- O apoio a esta Asociación redunda de maneira efectiva na conservación, recuperación e difusión do Camiño de Santiago e da cultura xacobeá especialmente na promoción da hospitalidade como elemento característico da peregrinación xacobeá
- Este colectivo realiza un meritorio labor arredor do Camiño, salientando especialmente o seu labor na xestión dos albergues de Herbón- Padrón e Corcubión.
- As campañas informativas que redunden nun incremento da seguridade vial dos peregrinos é de grande utilidade para garantir a seguridade de todos os que percorren o Camiño de Santiago.

b/ criterios específicos:

- A Asociación Galega de Amigos del Camino de Santiago posúe un acreditado número de asociados, en torno aos dous centenaes.
- A implantación da Asociación en Galicia moi consolidada, ao ser a única asociación de Amigos do Camiño de ámbito galego existente. O seu labor de conservación e sinalización do Camiño nese territorio é amplamente recoñecido.
- Esta Asociación co seu amplo labor e coas súas numerosas actividades contribúe notablemente á promoción do Camiño.

O orzamento das actividades a financiar ao abeiro deste convenio é o seguinte:

Concepto	Importe
Obras de accesibilidade nos albergues	



Obras no albergue de San Roque de Corcubión:	
- albañilería	7.087,50
- Fontanería	314,75
- Rampas de acceso a minusválidos	760,00
- Habitación adaptada minusválidos	1.150,00
Total	9.369,35
Obras no albergue de San Antonio de Herbón – Padrón:	
albañilería, fontanería, etc,	11.825,33
Total	21.194,68 €
Campaña de seguridade vial	
- Persoal técnico en Seguridade vial	2.170,00
- impresión nde 25.000 dípticos e 100 carteis	4.000,00
- Mensaxería e presentación	1.000,00
- Material funxible	700,00
- Gastos desprazamento voluntarios e dietas para a distribución material e enquisas	3.500,00
- Seguros dos voluntarios	300,00
- Costes indirectos 10% (teléfono, alugueres, etc.	1.000,00
Total	12,670,00
Total da solicitude	33.864,68 €

A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo aboará a cantidade de 25.000 euros coa finalidade de ser atendidos parte dos gastos xerados con cargo aos orzamentos do ano 2016 e na conta contable 627 que se distribuirán segundo o exposto anteriormente. A achega so cubrirá o custe para o desenvolvemento das actividades sen que a Asociación poida obter beneficio algún polo mesmo.

A través deste convenio de colaboración establécese unha achega monetaria sen contraprestación da S.A de Xestión do Plan Xacobeo, o que se axusta á figura xurídica privada da doazón modal e que debe suxeitar aos principios de xestión contidos no artigo 5.2 e aos de información a que fai referencia o artigo 16, ao abeiro do disposto no artigo 3.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, e como quedou exposto máis arriba, a subscripción deste convenio e a achega que con él se obriga a realizar a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo garda relación directa co obxecto da actividade contido nos seus estatutos.

En Santiago a 10 de outubro de 2016

Rafael Sánchez Bargiela
Director-Xerente